

DO ESPAZO Ó TEMPO: O CAMBIO LINGÜÍSTICO EN GALEGO A PARTIR DA XEOLINGÜÍSTICA

Xulio Sousa / David Rodríguez
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Este traballo desenvolveuse dentro do proxecto *Contacto e cambio lingüístico en Galego*, financiado con axudas do Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (FFI2015-65208-P), e da Xunta de Galicia e a European Union (GRC2013/40).

1. O ESTUDO DA RELACIÓN ENTRE AS LINGUAS E O ESPAZO

A relación entre lingua e territorio ten sido obxecto de estudo nas últimas décadas desde perspectivas científicas moi diversas que están a permitir descubrir correlacións imprevistas entre a diversidade lingüística, en todos os seus sentidos, e factores externos de natureza moi heteroxénea: ambientais, biolóxicos, xenéticos, históricos, económicos, demográficos etc. (Axelsen / Manrubia 2014; Creanza *et al.* 2015; Roberts / Winters 2013). O interese polo estudo da vinculación entre o espazo, entendido en sentido euclidiano, e as linguas ilústrase con frecuencia na actualidade mostrando sobre un mapa a ordenación da diversidade lingüística sobre a superficie da terra. Se reparamos nun dos mapas que David Nettle incluíu no seu traballo de 1999 sobre a diversidade lingüística, non resulta difícil decatarse de que as áreas con maior pluralidade se concentran no ecuador e os índices van decrecendo segundo nos afastamos desta zona, tanto para o norte como para o sur (Nettle 1999; Stepp *et al.* 2004). Con todo, a atención ás dependencias que se producen entre o espazo xeográfico e as linguas é antiga e comezou nunha dimensión moito menos global cá que agora chama a atención dos investigadores de disciplinas tan afastadas dos estudos lingüísticos como a xenética, a bioloxía ou as ciencias ambientais.

Os falantes sempre foron conscientes de que as diferenzas lingüísticas entre poboacións próximas acostuman ser escasas e raramente dificultan a comunicación; porén, estas diverxencias habitualmente acrecéntanse segundo a separación entre as localidades ou rexións aumenta, e a distancia lingüística acentúase aínda máis se no afastamento media a existencia de límites administrativos, fronteiras políticas ou barreiras naturais (montes, desertos, masas de auga etc.). En 1970 o xeógrafo suízo-americano Waldo Tobler enunciou en forma de regra esta evidencia, da que calquera leigo en ciencias era consciente só coa axuda da súa experiencia: “Everything is related to everything else, but near things are more related than distant things” (Tobler 1970). Este principio, que hoxe se considera

básico na análise espacial e primeira lei da xeografía, ten aplicación en moitos feitos sociais e culturais implicados no espazo, entre eles a variación lingüística. Os estudos pioneiros de dialectoloxía e de tipoloxía asumiron esta estreita conexión entre o espazo topolóxico e a distribución de linguas e características lingüísticas (Mühlhäusler 2010)¹.

A reflexión sobre a variación diatópica das linguas iniciouse na cultura occidental hai máis de dous mil anos e mantívose viva ata a actualidade (Pop 1950). A pesar desta continuidade, as análises sistemáticas das relacións entre lingua e espazo son recentes e xurdiron a canda os primeiros estudos científicos de lingüística no século XIX. A interpretación máis simple da relación entre espazo e lingua representana os primeiros traballos de lingüística comparada, que pretendían encontrar e demostrar a influencia directa que sobre a lingua tiñan as variables de proximidade, distancia e illamento. As investigacións estaban condicionadas pola concepción de espazo compartida polas ciencias no século XIX, que restrinxía esta variable unicamente ó sentido topográfico. Esta interpretación do espazo mantívose durante moito tempo como un trazo definitorio da xeolingüística, subdisciplina da dialectoloxía que nace tamén a finais do século XIX.

A dialectoloxía tradicional recoñece a variación como unha característica esencial das linguas e céntrase no estudo da distribución das variantes de fala. Nos seus inicios, a dialectoloxía e a xeografía lingüística naceron vinculadas ó estudo da historia das linguas, como disciplinas complementarias que podían fornecer información sobre variantes que contribuirían a coñecer e explicar mellor a evolución das variedades. Polo tanto, non é de estrañar que o primeiro interese dos estudosos se centrara na análise daquelas variedades que mellor puidesen poñer os investigadores en contacto coa historia das linguas, é dicir, aquelas variedades que polas características das poboacións que as empregaban (illamento, incomunicación, afastamento de núcleos urbanos etc.) resultasen lingüisticamente máis conservadoras: as variedades faladas nas áreas residuais (Chambers / Trudgill 1998:98). Os métodos dos primeiros traballos de xeografía lingüística estaban condicionados por este motivo. Unha vez identificadas as comunidades máis illadas e conservadoras, cumpría seleccionar para a investigación aqueles individuos que máis se achegasen a ese ideal de falante xenuíno: persoas de idade avanzada, pouco viaxadas, residentes en zonas rurais e de sexo masculino. En Europa os estudos de

¹ Como suxire o autor, esta relación entre proximidade espacial e similaridade estrutural pode ser apreciada en proxectos xeolingüísticos de carácter tipolóxico como o *World Atlas of Language Structures* e noutros de menor alcance como o *Atlas of North American English* (Mühlhäusler 2010:355).

dialectoloxía, e de xeito particular os proxectos de xeografía lingüística, mantiveron este perfil de informantes modélicos durante moitas décadas. O interese das investigacións estaba nas variedades rurais, consideradas como fósiles lingüísticos próximos á desaparición que precisaban ser documentados e estudados.

No seu primeiro estadio os estudos de dialectoloxía conservaron a forte vinculación coa lingüística histórico-comparada do século XIX. A investigación sobre as variedades rurais realizábase desde unha postura pesimista que supoñía que a industrialización e a urbanización das sociedades ían conducir inevitablemente á decadencia e perda desas falas idealmente enxebres que nos podían achegar ó pasado. Coñecer a distribución espacial das variantes era tamén unha forma de encontrar esa conexión cos períodos pretéritos da historia lingüística, en tanto que se consideraba que as áreas dialectais tiñan a súa xustificación ben en fenómenos topográficos, ben en divisións administrativas e eclesiásticas antigas (Schrambke 2010). Son ilustradoras desta concepción dos estudos dialectais as palabras coas que Fritz Krüger se lamentaba en 1930 do abalo imparabile de modernidade que facía difícil rexistrar e salvar os vestixios da cultura tradicional:

Sabemos todos que vivimos agora en una época de transición, de transformación completa de lo heredado de nuestros padres, de lo tradicional, de lo antiguo. Debido a influencias diversas, lo autóctono, lo indígena de muchas regiones va retrocediendo, dando carrera a tendencias niveladoras y destructoras. Lo uniforme se va imponiendo a lo diferenciado, lo común a lo típico, lo banal a lo pintoresco, quitando a regiones y pueblos su nota característica, su sabor local, su historia. Cometeríamos una grave falta si no nos diésemos cuenta de este proceso que cada día va ganando más terreno, cada día se va revelando más fuerte y funesto. Que se queden los manuscritos dormidos en los archivos, no importa; pero lo que sí que importa es salvar lo que de aquí a poco ya no puede salvarse. Las manifestaciones de las tradiciones regionales son testimonios de la historia de un país que hay que respetar como cualquier documento histórico de valor. Es poco el contrapeso que el trabajo personal de los investigadores puede oponer a la destrucción inminente. Pero más vale algo que nada. (Fragmento do texto dunha conferencia pronunciada en español por F. Krüger en Hamburgo en febreiro de 1930; apud Boleo 1931:251; as correccións son nosas).

A lingüística histórica e a dialectoloxía tradicionais contribuíron a chamar a atención sobre a variación lingüística temporal e espacial, demostrando que esta é sistemática e pode ser obxecto de investigación lingüística. Estas dúas disciplinas favoreceron a conformación da sociolingüística variacionista como disciplina

lingüística nos anos sesenta do século pasado. O nacemento da sociolingüística é interpretado por algúns estudosos como unha reacción á lingüística chomskiana e, moi secundariamente, como un intento de dar unha viraxe radical ós estudos de dialectoloxía e historia da lingua (Britain 2002). A variación e o cambio nas linguas son fenómenos complexos que non é posible explicar acudindo unicamente a factores históricos e xeográficos. Polo tanto, os dialectos enxebres e as áreas residuais deixan de ser motivo de interese único da dialectoloxía. Para coñecer as causas do cambio lingüístico era preciso acudir ó contorno en que este se produce e investigar factores de tipo social. A sociolingüística variacionista, a diferenza da dialectoloxía tradicional, interpreta a evolución lingüística dun xeito positivo. A variación é substancial á existencia das linguas, daquela os cambios non son signo de deterioro dos sistemas lingüísticos, senón mostra da súa vitalidade e do seu progreso (Villena Ponsoda 2012). As consecuencias desta viraxe metodolóxica e teórica dos estudos variacionistas afectaron directamente á investigación dialectal e xeolingüística. Os cambios lingüísticos deixaron de interpretarse como un problema e pasaron a converterse nun dos motivos principais de investigación. A dialectoloxía deixou de ser rural e tornouse urbana, dado que era preciso observar as mudanzas en tempo real e no lugar en que se estaban a producir: as cidades, as comunidades que eran identificadas como máis heteroxéneas e dinámicas. Como comenta Britain, este xiro de perspectiva levou incluso a defender erradamente que todas as mudanzas lingüísticas tiñan a súa orixe nas sociedades urbanas, identificadas coa modernidade e o dinamismo; nas comunidades rurais -arcaicas, illadas e estáticas- nunca se producían cambios que chegasen a difundirse e triunfar (Britain 2002).

O cambio de paradigma científico ocorrido na década dos anos sesenta mudou de maneira xeral a investigación nas ciencias humanas. Acentuouse o carácter social das pesquisas e ademais cobraron maior relevancia os procedementos de análise baseados en métodos cuantitativos (Labov 1966). No ámbito dos estudos sobre a variación, as consecuencias desta revolución levaron a que se comezase a distinguir entre unha dialectoloxía social e unha dialectoloxía rexional, esta última continuadora dos principios e métodos da dialectoloxía tradicional. A nova dialectoloxía social, tamén denominada sociolingüística, centrábase na cuantificación da variación lingüística e na procura de correlacións con factores de tipo social que explicasen a variación e o cambio². O espazo deixou de ser un factor considerado

² O intento máis semellante ó establecemento duns principios de análise da variación espacial das formas lingüísticas foron as regras establecidas dentro da escola neolingüística. Con todo, a feble consistencia das

como primordial para explicar o cambio e a historia das linguas. A razón non era unicamente que os compoñentes sociais se considerasen máis relevantes, senón que dentro da xeografía lingüística non se chegaran a desenvolver contribucións teóricas suficientemente sólidas como para analizar e interpretar de xeito sistemático a distribución espacial das variantes. A pesar de os estudos variacionistas teren a súa orixe na dialectoloxía tradicional, o espazo como variable implicada na variación e no cambio lingüístico non mereceu a partir deste momento a mesma atención teórica ca outras categorías sociais implicadas nos mesmos fenómenos. Tiveron que pasar varias décadas para que as débedas da sociolingüística coa dialectoloxía se recoñecesen e os estudos de xeografía lingüística volvesen cobrar o recoñecemento merecido (Trudgill 1982).

2. O CAMBIO LINGÜÍSTICO A TRAVÉS DOS ATLAS LINGÜÍSTICOS

A pesar de que con frecuencia aínda se define a xeolingüística (xeografía lingüística, lingüística espacial ou xeografía dialectal) como unha rama de xeografía humana que se ocupa da análise sistemática das linguas no contexto físico e humano (Williams 1996), o certo é que os seus obxectivos, métodos e desenvolvemento teórico correspondéronlle desde o nacemento case enteiramente á lingüística (Auer / Schmidt 2010). A xeolingüística, como sinalan Chambers e Trudgill (1998), ocúpase propiamente da variación lingüística e faíno de xeito máis específico cá dialectoloxía. A finalidade primeira desta subdisciplina dos estudos dialectais é a representación sobre unha mapa da variación lingüística ligada ó espazo. A análise xeolingüística, entendida en sentido amplo, estivo dominada desde os comezos por lingüistas interesados polo estudo da variación e a historia das linguas³. Os intereses da disciplina concéntranse en tres motivos ligados coa análise da variación: i) a distribución das linguas no espazo (a diversidade lingüística, o contacto entre linguas, as fronteiras e límites lingüísticos etc.); ii) a relación entre as linguas e o contorno (físico, histórico, cultural, político etc.); e iii) o cambio

normas establecidas por Bartoli e a súa estricta conexión coa historia das linguas restáronlles transcendencia (Bertoni / Bartoli 1928). A comezos da década dos oitenta Labov recoñece que vinte anos despois da revolución sociolingüística a investigación sobre os aspectos espaciais implicados no cambio lingüístico apenas avanzara (Labov 1982).

³ Nunha das obras que contribuíu a cuñar a denominación desta disciplina, o lingüista francés Albert Dauzat destacou os fortes vínculos que ligan a xeolingüística coa lingüística histórica. Segundo el, o fin esencial da xeografía lingüística era a reconstrución da historia das palabras, flexións e agrupamentos sintácticos das linguas a través da distribución das formas vivas (Dauzat 1922).

lingüístico, isto é, a identificación das áreas en que se producen modificacións na extensión de variedades e variantes lingüísticas e o estudo dos patróns que rexen estes cambios (Van der Merwe 1993).

Aínda que nos seus inicios a xeografía lingüística puxese o seu foco no estudo das relacións entre o espazo físico e a variación lingüística, a crise que sufriu a disciplina nos anos sesenta conduciu a unha revisión profunda de principios e métodos. O espazo deixou de concibirse como unha noción simple e reducida ó sentido euclidiano. A xeografía, e en consecuencia os ámbitos de estudo ligados a ela como a xeolingüística, cambiaron a noción de espazo pola de espacialidade (Valcárcel 2000; Britain 2002). Ata a década dos sesenta o espazo era interpretado en sentido rexional e vinculado coas dimensións de distancia, diferenza e semellanza. A partir da década dos sesenta do século pasado a noción de espazo faise máis complexa. Considerar o espazo como unha variable de estudo pasou a implicar ter en conta varias dimensións desta noción xeográfica (Britain 2002):

1. O espazo euclidiano: o espazo físico e obxectivo das matemáticas e da física.
2. O espazo social: o espazo determinado pola organización social das comunidades e pola interacción do home co contorno.
3. O espazo percibido: o espazo construído a partir das percepcións e actitudes que resultan da interacción das sociedades co seu contorno.

Como Britain destaca ó definir esta nova concepción do espazo dentro dos estudos variacionistas, a análise da distribución dos fenómenos lingüísticos debe atender a todas estas compoñentes de tipo externo⁴. Algunhas son observables e avaliáveis a partir de datos cuantificables (distancia, poboación, mobilidade etc.), outras, polo seu carácter cualitativo, resultan máis difíciles de avaliar e a lingüística tardou décadas en desenvolver procedementos de análise axeitados para o seu estudo (Preston 1989).

Como consecuencia desta profunda revolución dos estudos variacionistas, a xeolingüística virou unha ciencia máis positiva, dinámica e práctica con respecto á interpretación do papel que o espazo xoga no cambio lingüístico. O desenvolvemento de aplicacións informáticas para a representación e análise da información xeolingüística facilitou tamén a explotación dos métodos cuantitativos.

⁴ Roland J-L Breton, na versión inglesa da súa obra sobre xeografía lingüística, destaca o carácter transdisciplinar da xeolingüística e sinala seis dimensións comprendidas nos estudos xeolingüísticos: espacial, social, económica, temporal, política e lingüística (Breton 1991).

A utilización de mapas como ferramenta de visualización dos datos, unha das características distintivas do método xeolingüístico desde a súa fundación, xa non depende da mediación de cartógrafos e ilustradores; os lingüistas poden producir as representacións cartográficas e adaptalas ós seus intereses científicos. Os mapas axudan a comprender a relación co espazo dos fenómenos e procesos lingüísticos, nos tres sentidos identificados por Britain. O mapa transforma os datos nunha representación visual co fin de facilitar unha interpretación efectiva e eficiente da información. En xeolingüística, as representacións cartográficas cumpren seis funcións esenciais (Ambrose / Williams 1991): i) establecer os límites do dominio que se estuda; ii) mostrar a información dun xeito organizado; iii) almacenar e recuperar os datos; iv) identificar o valor que cobran os datos no espazo; v) presentar os resultados da análise da información; e vi) contribuír á interpretación dos resultados e das súas implicacións. Se o noso interese é o estudo do cambio lingüístico, os mapas que constitúen un atlas lingüístico poden ser empregados como evidencia empírica das mudanzas lingüísticas (Kehrein 2012).

A información contida nun mapa lingüístico pode ser explotada de diferentes xeitos para coñecer a evolución dos cambios lingüísticos ó longo do tempo. Primeiramente, os mapas dun atlas lingüístico tradicional poden ser utilizados como rexistros do presente que axudan a explicar o pasado (Britain 2012). A distribución de formas conservadoras e innovadoras e a existencia de variantes nun mesmo punto son indicios que marcan o sentido do cambio e contribúen á clasificación temporal das variantes. Por outra parte, se contamos con información xeolingüística de diferentes épocas para un mesmo dominio, é posible realizar estudos do cambio en tempo real e trazar descrições máis completas e fiables sobre as mudanzas lingüísticas. Ademais, as investigacións en dialectoloxía multidimensional e os atlas desenvolto segundo esta formulación son fonte de información para realizar análises de cambio en tempo aparente que contribúen a prognosticar a dirección das mudanzas tendo en conta factores espaciais e sociais⁵. Nesta contribución exemplificamos como se pode realizar unha análise do cambio en tempo real a partir de materiais xeolingüísticos recollidos en distintas épocas da historia do galego.

Como máis arriba se comentou, a pesar do extraordinario desenvolvemento da sociolingüística durante os anos sesenta e setenta, a análise da dimensión espacial do cambio lingüístico non gozou dun impulso similar. As primeiras achegas

⁵ En Sousa (2016) móstranse algúns exemplos para o galego destes tres tipos de análises do cambio lingüístico a partir de materiais xeolingüísticos.

que tentaron investigar de xeito sistemático a difusión espacial das innovacións lingüísticas iniciáronse a mediados dos anos setenta e tomando como modelo estudos sobre a difusión xeográfica de innovacións agrícolas (Trudgill 1974). A partir desta data foron varios os modelos propostos para explicar as vías de difusión das innovacións lingüísticas: i) o modelo de ondas, que supón unha propagación sucesiva a partir dun único punto; ii) o modelo xerárquico urbano, no que as innovacións se estenden segundo unha xerarquía de entidades (cidade > vila > lugar); iii) o modelo de corazón ou núcleo cultural, no que as xerarquías se establecen por relevancia social e cultural das poboacións; e iv) o modelo contraxerárquico, que supón unha difusión con orixe en núcleos rurais e menos relevantes socialmente (Britain 2012).

3. DIFUSIÓN E CAMBIO EN GALEGO A PARTIR DE DATOS XEOLINGÜÍSTICOS

Os atlas lingüísticos son a fonte fundamental de datos que a xeografía lingüística pon á disposición dos estudos sobre o cambio lingüístico (Kehrein 2012; Meurman-Solin 2012). Estas obras son o resultado final dos proxectos de xeografía lingüística e supoñen a publicación, por medios tradicionais ou en formato electrónico, dun conxunto de mapas nos que se ofrece unha imaxe da variación lingüística rexistrada nun dominio lingüístico ou área xeográfica determinados. En cada mapa móstranse as variantes recollidas para as distintas variables analizadas (fonéticas, morfosintácticas, léxicas, semánticas, onomásticas etc.). O tipo máis común de atlas lingüísticos elabórase a partir de información recollida nun conxunto de localidades específico e nun período temporal concreto. Adoito afirmase que esta clase de atlas ofrece unha foto fixa da situación lingüística dunha variedade ou dun conxunto de variedades. Os individuos seleccionados como informantes para os atlas lingüísticos tradicionais responden a un mesmo perfil sociolingüístico (idade, sexo, ocupación, formación, nivel socioeconómico etc.). Polo tanto, en cada mapa ofrécese idealmente unha imaxe estática da variación espacial. Con todo, nestas obras recádanse tamén materiais e datos complementarios que serven como indicios para coñecer mudanzas que se están a producir (respostas múltiples para unha mesma variable, indicacións sobre a vitalidade das formas, referencias a usos antigos etc.). A este modelo de atlas monodimensionais responde a maioría dos proxectos de xeografía lingüística desenvolvidos no ámbito románico durante o século pasa-

do (Swiggers 2010; Sousa 2016). As similitudes metodolóxicas da maioría destas investigacións facilitan o cotexo dos datos e garanten a fiabilidade dos resultados. Neste sentido, boa parte destas obras salva moitos dos reproches cos que son observados os materiais xeolingüísticos desde os estudos variacionistas (Tillery / Bailey 2003). A información recollida nos atlas tradicionais pode converterse en evidencia empírica para desenvolver traballos de análise do cambio lingüístico en tempo real. Se os materiais son comparables, a análise espacial dos resultados permitirá extraer conclusións sobre as dinámicas de difusión das variantes lingüísticas.

4. MATERIAIS XEOLINGÜÍSTICOS PARA O ESTUDO DO CAMBIO EN GALEGO

Existe unha considerable cantidade de datos lingüísticos xeorreferenciados, mostras de lingua oral tomadas con metodoloxía científica provenientes de distintos tipos de traballos dialectolóxicos, que permiten estudar a variación espacial do galego. Porén, a variación temporal adoita ter que ser estudada con base en textos escritos que só poden representar dunha maneira moi parcial a oralidade da época en que foron producidos. Os materiais provistos pola xeografía lingüística, como vai dito, permiten realizar unha representación cartográfica e tirar determinadas conclusións con relación á variación temporal das falas. Máis alá disto, a existencia de datos obtidos coa metodoloxía da xeografía lingüística en diferentes períodos da historia fai posible contrastar as distribucións espaciais e reparar na evolución temporal do reparto das variantes dunha variable determinada, é dicir, permite o estudo das mudanzas lingüísticas en tempo real. Para o espazo lingüístico galego hai tres proxectos xeolingüísticos que ofrecen materiais tomados na totalidade do territorio administrativo de Galicia con información precisa a partir da cal se pode abordar a análise da variación espacial e temporal dun amplo abano de fenómenos. Estes proxectos son o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI), o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) e a chamada *Nova Enquisa* (NEnq), desenvolvida especificamente para obter datos recentes que se puidesen comparar cos dous traballos anteriores. Os tres son proxectos deseñados segundo os principios da xeolingüística tradicional (selección de localidades e informantes, tipo de información lingüística recollida, método de enquisa etc.) e desenvolvidos en distintos momentos da historia recente do galego (primeiro e último terzo do século xx, e primeira década do século xxi). Nos tres os materiais

foron recollidos por especialistas e transcritos segundo sistemas convencionais contrastados. A diferenza máis notable entre os proxectos ten que ver coa cantidade de localidades investigadas (53 ALPI e NEnq, e 167 ALGa). Aínda así, a coincidencia ou proximidade entre 53 dos puntos investigados nos tres proxectos permite unha comparación dos materiais xeolingüísticos, a partir da cal é posible tirar algunhas conclusións de interese sobre os cambios ocorridos nas variedades galegas nun período de preto dos setenta e cinco anos. A continuación repasaremos as características principais de cada un destes tres proxectos.

4.1. O *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* en Galicia (ALPI, 1934-1935)

No ano 1914 Ramón Menéndez Pidal proponlle ó seu alumno e discípulo Tomás Navarro Tomás a posta en marcha dun proxecto de xeografía lingüística seguindo o ronsel dos atlas lingüísticos que se realizaran ou se estaban a desenvolver en Europa. Os modelos seguidos eran o *Atlas Linguistique de la France* (ALF) e o *Sprach- und Sachatlas Italiens und der Südschweiz* (AIS). O propósito era deseñar un atlas lingüístico que recollese información dos rexistros de fala popular e dos modos de vida tradicionais. A obra abranguería todas as falas románicas peninsulares e levaría o título de *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (Navarro 1975). En 1929 iníciase o proxecto no seo do Centro de Estudos Históricos e baixo a dirección de Tomás Navarro Tomás. A guerra de 1936 obriga a deter os traballos, que non serán retomados ata 1947, desta vez baixo a supervisión do recentemente fundado Consejo Superior de Investigaciones Científicas. En 1962 publícase un volume de fonética do ALPI, nunha altura na que xa se estaban a producir na península os primeiros atlas de segunda xeración, atlas rexionais cunha metodoloxía aínda moi similar á empregada no ALPI. A publicación dese primeiro e único volume mereceu críticas, tanto pola metodoloxía anticuada utilizada como polo excesivo período de tempo transcorrido entre o inicio dos traballos e a aparición da obra impresa. Por diversas razóns, non de índole científica, o proxecto de edición dos materiais abandónase cando xa estaban iniciados os labores para a publicación do segundo volume.

O cuestionario do ALPI elaborouse tendo como modelo o AIS de Jaberg e Jud. Para a inclusión de preguntas conxugáronse distintos intereses: i) temas xerais de filoloxía románica; ii) cuestións especialmente concernentes ó conxunto das linguas peninsulares; iii) elementos particulares relativos a cada unha destas linguas; e iv) trazos peculiares das súas respectivas modalidades dialectais (Navarro

1975). As preguntas estruturáronse en tres cadernos, o primeiro deles dedicado a cuestións estritamente lingüísticas (fonética e morfosintaxe) e os outros dous a preguntas de léxico e etnografía⁶. A rede de puntos do ALPI consta de 529 localidades. Para a selección preferíronse lugares menores, de antiga fundación, de vida tradicional e afastados das vías importantes de comunicación (Navarro 1975). De xeito xeral, as localidades escollidas eran pequenas vilas que se consideraban representativas da fala da súa área de influencia. A totalidade da zona estudada comprende os territorios románicos peninsulares, as illas Baleares e o Roselló de fala catalá. O territorio foi dividido para a súa investigación en sete sectores: Galicia; Portugal; Asturias, León e Estremadura; as dúas Castelas con Alcabete; Andalucía e Murcia; Navarra e Aragón; Andorra, Roselló, Cataluña, Valencia e as illas Baleares. Galicia constituíu un sector propio que comprendía 53 localidades. O informante ideal procurado no ALPI respondía ó modelo NORM, característico dos atlas tradicionais. Buscáronse persoas que de maneira natural e espontánea mostrasen na súa fala os trazos propios dunha variedade rural e conservadora.

Os inquéritos do ALPI foron realizados por un equipo de especialistas, todos eles coñecedores dos dominios explorados e con competencia activa nas linguas deses territorios. Recibiron formación específica para dominar a transcripción fonética de textos orais e fixeron prácticas de campo co fin de conseguir unha harmonización nos procedementos de enquisa e transcripción dos datos. En Galicia a maior parte do traballo de campo foi feita por un só investigador, Aníbal Otero, o que garante unha certa uniformidade metodolóxica. Como norma xeral, nas enquisas era recomendada a utilización da lingua común de cada un dos dominios estudados e, sempre que fose posible, a propia variedade dos suxeitos. Segundo se afirma na introdución do primeiro volume do ALPI, a información obtívose mediante preguntas indirectas. A diferenza do que ocorre con algunha outra área, os materiais galegos foron recadados nun período relativamente breve de tempo, entre 1934 e 1935 (Sousa 2008).

4.2. O *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa, 1974-1977)

Na década de 1970 non existe aínda un proxecto que estude en profundidade a variación diatópica do galego. A maior parte dos traballos era de carácter parcial

⁶ Os cadernos IIE –50 páxinas– e IIG –27 páxinas– eran en realidade dúas versións dunha mesma relación de preguntas. Na maioría dos puntos empregouse o caderno extenso, IIE (García Mouton 2016).

e o material publicado do ALPI resultaba insuficiente para un coñecemento completo das variedades dialectais galegas. Era preciso un atlas lingüístico específico, un traballo que puidese ofrecer unha visión profunda e obxectiva das súas variedades. A comezos dos anos setenta, no Instituto da Lingua Galega (ILG) e baixo a dirección de Constantino García e Antón Santamarina, pónse en marcha o proxecto dun atlas lingüístico do dominio galego. O traballo de investigación iníciase seguindo tres principios orientadores: i) a área estudada estará conformada pola totalidade do territorio administrativo galego e as zonas tradicionalmente consideradas galegófonas de Asturias, Zamora e León; ii) a metodoloxía que se empregará será a propia dos atlas de segunda xeración, coa intención de profundar no coñecemento da variación interna do galego, delimitar as súas fronteiras e detallar as súas características no marco peninsular, románico e europeo; e iii) o cuestionario empregado comprenderá as preguntas do *Atlas Lingüístico de España y Portugal* (ALEP), proxecto ligado ó *Atlas Linguarum Europae* (ALE), co fin de aforrar esforzos e vincular o ALGa con proxectos de xeografía lingüística de carácter máis amplo. Para a elaboración do cuestionario tamén se consideraron os traballos previos desenvolvidos en Galicia, entre eles o ALPI. O cuestionario final empregado na investigación de campo consta de 2.711 ítems adecuados á realidade lingüística e cultural galega (García / Santamarina 1990).

A rede do ALGa está composta por 167 puntos e abrangue a totalidade do territorio en que se falan variedades tradicionalmente consideradas galegas⁷. Na selección dos puntos procuráronse entidades de poboación menores, fundamentalmente aldeas e lugares. En todas as súas características, o ALGa foi proxectado como un atlas tradicional. O traballo de campo foi realizado por tres licenciados da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela. Do mesmo xeito que aconteceu para o ALPI, os tres recibiron preparación específica previa e fixeron prácticas conxuntas para poñer a proba o cuestionario e conseguir unha harmonización metodolóxica, tanto na maneira de formular as preguntas coma na de transcribir as respostas (Fernández Rei 1990; García / Santamarina 1990). A lingua utilizada polos investigadores foi sempre o galego e a información obtívose empregando preguntas indirectas e co auxilio de debuxos, fotos e obxectos.

⁷ O punto Le5 (Benuza) da provincia de León pode considerarse unha excepción, xa que presenta características lingüísticas claramente asturleonesas.

4.3. A nova enquisa (NEnq, 2008)

En 2005, dentro da sección de dialectoloxía e xeografía lingüística do ILG, comezouse a traballar no procesamento dos materiais galegos do ALPI. Para a súa preservación e tratamento creouse unha base de datos relacional que permitía o acceso ás imaxes dixitalizadas dos cadernos e facilitaba a edición e consulta de toda a información. Durante o proceso de transcrición foron atopándose unha serie de respostas a partir das cales era posible realizar unha comparación directa cos materiais do ALGa. Unha análise máis demorada dunha selección de preguntas revelou algúns cambios notables na distribución de determinados fenómenos relevantes na dialectoloxía galega. Por exemplo, puideron comprobarse modificacións na extensión da gheada e mantemento nalgúns outros fenómenos de carácter morfolóxico (Rodríguez Lorenzo 2012; Sousa 2010, 2012).

O traballo de campo para o ALPI en Galicia foi realizado nos anos anteriores á Guerra Civil. A recollida de información para a elaboración do ALGa desenvolveuse cincuenta anos máis tarde, despois dun período de grandes mudanzas para a sociedade galega (desenvolvemento económico e social das cidades, importantes movementos demográficos, xeneralización do ensino obrigatorio en español etc.). As décadas posteriores supuxeron tamén transformacións relevantes en moitos ámbitos (social, económico, político, educativo etc.). Con estes precedentes, considerouse oportuno poñer en marcha un novo proxecto de recollida de información xeolingüística que puidese ofrecer información comparable coa extraída dos traballos precedentes. A pesar da evolución que se producira na dirección dos estudos xeolingüísticos, para garantir a solidez do contraste entre os datos era indispensable seguir a mesma metodoloxía empregada nos dous proxectos anteriores. A variedade lingüística que se quería caracterizar era a propia de falantes do medio rural, de idade adulta, naturais e residentes no lugar de enquisa e ligados a actividades laborais do sector primario ou a oficios tradicionais (é dicir, os mesmos falantes tipo NORM procurados nos dous proxectos anteriores). Non obstante, existen criterios que, aínda que orientan a escolla, resultan difíciles de cumprir. As transformacións que se produciron na sociedade galega nas últimas décadas dificultaron a procura de informantes que cumprisen todos os requisitos sinalados. Hoxe, coma daquela, resulta imposible encontrar persoas que non teñan contacto cos estándares do galego e do castelán difundidos a través da escola, a administración e os medios de comunicación. Por outra par-

te, os desprazamentos dentro e fóra do territorio galego son na actualidade moito máis comúns ca no tempo en que se realizaron o ALPI e o ALGa.

Para a elaboración do cuestionario fíxose unha selección de 368 cuestións entre o conxunto de preguntas coincidentes nos cadernos do ALPI e do ALGa (847 cuestións). Na escolla procurouse primar os fenómenos fonéticos e morfosintácticos empregados pola dialectoloxía tradicional para delimitar as variedades dialectais do galego. Ademais, incluíronse preguntas de léxico para avaliar as consecuencias do contacto co español. A rede de puntos deste novo proxecto (NEnq) está conformada por 53 localidades galegas, as mesmas que foron estudadas en Galicia para o ALPI. Esta rede permite realizar un contraste fiable cos materiais do ALGa, xa que ou ben coinciden exactamente os mesmos lugares ou ben son localidades próximas situadas na mesma parroquia ou no mesmo concello. Prescindiuse das áreas tradicionalmente consideradas galegófonas de Asturias, Zamora e León, xa que as comunidades destas zonas non se viron afectadas do mesmo xeito ca Galicia polo réxime autonómico e a cooficialidade do idioma.


Os inquéritos da NEnq foron realizados por un único especialista, coñecedor dos materiais do ALPI e do ALGa e con formación específica na realización de enquisas dialectais. As enquisas fixéronse en galego e utilizando métodos indirectos para conseguir as respostas.

5. DIFUSIÓN, MANTEMENTO E VARIACIÓN EN GALEGO (1934-1974/77-2008)

Os materiais destes tres proxectos de xeografía lingüística son unha fonte especialmente interesante para a realización de estudos sobre o cambio lingüístico en tempo real en galego. As coincidencias metodolóxicas e a existencia de preguntas idénticas ou moi similares nos tres cuestionarios permiten tirar conclusións realmente suxestivas para a análise das mudanzas lingüísticas ocorridas no galego rural do século xx e inicios do XXI. A pesar da cautela coa que é preciso achegarse sempre ós datos e da escasa densidade da rede de puntos, a comparación da información xeolingüística fai posible a detección de diferentes tipos de comportamento na distribución de variantes lingüísticas ó longo do período estudado. A seguir analizaremos catro modelos de distribución espacial ligados a trazos fonéticos, morfosintácticos e léxicos.

5.1. Mantemento da distribución das variantes

Nas tres fontes de datos utilizadas non é doado encontrar casos en que as variantes mostren exactamente a mesma distribución. O período que vai do ALPI á NEnq non chega ós cen anos, pero resulta suficiente para poder observar mudanzas no eixe diacrónico. O cambio, por pequeno que sexa, está presente en practicamente todas as variables estudadas. Por exemplo, no punto 150 (Entrimo) os tres proxectos rexistran a existencia dunha consoante fricativa lámino-postalveolar voceada [ʒ] nas formas ['oʒe], ['ʒenro] e [ʒoa'nija]; a distribución mantense constante. Porén, ó consultar os resultados de *cereixa*, compróbase que o ALPI recolle dúas respostas, [θe'rejʒa] e [θe'rejʃa], mentres que o ALGa e a NEnq recollen só a forma con consoante fricativa lámino-postalveolar non voceada. A variación que evidencia a dobre resposta do ALPI anuncia o cambio que se confirma nos datos posteriores. Mesmo así, existen algúns exemplos en que a distribución xeográfica de variantes permanece inalterada nos tres proxectos.




Mapa 1. *Camiño* (1934-2008)


O mapa 1 permite comprobar a distribución das variantes *camiño* e *camín* a partir da información tirada dos tres proxectos. Os datos do ALPI mostran unha área compacta de *camín* formada polos puntos 117 (Ribadeo), 120 (Fonsagrada), 122 (Navia de Suarna) e 124 (O Cebreiro). Os datos dos proxectos posteriores mostran exactamente a mesma distribución. Tamén se observa un reparto territorial constante para a forma *muín*, rexistrada nos mesmos catro puntos. Outras palabras de características similares (*sobrin/sobriño*), pola contra, presentan distribucións diferenciadas. No ALPI e no ALGa, *sobrin* aparece como resposta única nos catro puntos devanditos, pero na NEnq os informantes do punto 117 responden *sobriño*, aínda que utilizan *camín* e *muín* para as outras dúas variables e empregan tamén a forma *sobriñín* de maneira espontánea en varias ocasións ó longo da entrevista.

5.2. Extensión dunha variante non galega


Un dos aspectos que resultan de maior interese na comparación dos materiais destes tres proxectos é a irrupción e propagación de castelanismos. O estudo da distribución destas formas a través do tempo axúdanos a descubrir cando penetraron no galego e como se difundiron. Algunhas semellan ser xa de instalación antiga, pois rexístranse por case todo o territorio nos materiais do ALPI. Noutros casos, as variantes van estendendo a súa distribución de xeito gradual: aparecen nalgúns puntos do ALPI para despois multiplicar a súa presenza no ALGa e na NEnq. Un exemplo claro desta forma de difusión é a palabra do español *cuna*, que presenta 9 ocorrencias no ALPI, 15 no ALGa e 52 na NEnq (en todos os puntos agás en Ferreira do Valadouro). É preciso sinalar que en moitas das localidades enquisadas para a NEnq tamén se recolleron outras formas tradicionais galegas como *barrelo*, *berce* ou *rolo*; aínda que en case todos os casos os informantes indicaron que se empregaban para denominar berces de madeira antigos e actualmente en desuso.



Mapa 2. *Nó* (ALPI)



Mapa 3. *Nó* (ALGa)



Os mapas 2, 3 e 4 serven como ilustración dun proceso de difusión similar ó que acabamos de comentar. Nos mapas correspondentes pode comprobarse a evolución da distribución das variantes *n6* e *nudo*. No mapa 2 obsérvase que o castelán *nudo* se distribúe de xeito disperso, aparecendo especialmente en áreas próximas a núcleos de poboación nos que se supón un emprego do español máis antigo e constante (Vigo, Pontevedra, A Coruña, Viveiro, Lugo, Monforte, O Barco, Xinzo, Ourense, Ribadavia). No mapa correspondente ó ALGa (Mapa 3) a variante *nudo* aparece xa en moitos máis puntos. De maneira xeral, semella que se produciu unha difusión en continuidade a partir da área detectada no mapa dos datos do ALPI. Apréciase ademais un incremento dos rexistros de *nudo* e unha redución do número de localidades en que se rexistrou exclusivamente *n6*. Por último, no mapa correspondente á NEnq pódese comprobar a persistencia no avance da difusión da variante castelá e na diminución da frecuencia de aparición da forma galega.


	ALPI	ALGa	NEnq
<i>nó</i>	42/37	28/20	10/3
<i>nudo</i>	16/11	33/25	50/43

Táboa 1. Número de ocorrencias das variantes *nó* e *nudo* nas tres fontes de datos empregadas (datos totais/respostas únicas).


Na táboa 1 preséntanse os datos do número de rexistros que se recolleron para cada unha das dúas formas nos tres proxectos. O desprazamento da forma galega semella desenvolverse a un ritmo similar nos dous intervalos de tempo que separan as tres enquisas. Se se repara nos datos de rexistro exclusivo (formas únicas) de cada unha das formas, compróbase que a velocidade na difusión do castelanismo foi maior no período que vai dos anos setenta do século pasado á primeira década do século XXI.

5.3. Extensión dunha das variantes galegas

No conxunto de materiais estudados detéctanse algúns exemplos de variación entre dúas ou máis formas galegas. En moitos dos casos a análise comparada dos datos permite descubrir como as formas con maior extensión acaban difundíndose e restrinxindo o uso de variantes minoritarias. Os cambios da distribución deste tipo de variables son máis evidentes ó comparar os datos de ALGa e NEnq. Por exemplo, a forma *piollo*, máis estendida e común, despraza en varias localidades á variante *pollo*, característica da área mindoniense e da metade norte do bloque oriental. Nos mapas 5, 6 e 7 móstrase un exemplo de formas (*eixe/eixo*) cun reparto territorial máis equilibrado. Se reparamos nos datos do ALPI (Mapa 5) e do ALGa (Mapa 6), as dúas formas manteñen unha distribución moi similar. Porén, os datos da NEnq amosan xa unha extensión do espazo ocupado pola variante *eixo*.




Mapa 5. *Eixe* (ALPI)



Mapa 6. *Eixe* (ALGa)

Atendendo á súa orixe latina, podemos considerar *eixe* como unha forma conservadora e *eixo* como unha innovación. A pesar de que as diferenzas entre os tres mapas son escasas, á vista do mapa 7 semella que a forma innovadora acabou ocupando un espazo compacto á conta dun pequeno retroceso da variante *eixe*. Ben é certo que esta tendencia expansiva non acaba de ser totalmente clara e poderíase dicir que o que máis caracteriza a distribución destas dúas variantes é a súa inestabilidade.




Mapa 7. *Eixe* (NEnq)

5.4. Redución do número de variantes


O último exemplo de contraste entre os datos dos tres proxectos xeolingüísticos serve como ilustración doutro tipo de aproveitamento que se pode tirar da información contida nos atlas lingüísticos. De maneira xeral, ó cotexar os resultados das cuestións léxicas das tres fontes de información empregadas apréciase unha tendencia progresiva á diminución da variación, é dicir, o número de variantes vinculado a cada variable redúcese co paso do tempo. Esta tendencia debe in-

terpretarse adecuadamente e tendo en conta os campos léxicos que centraban o interese dos proxectos de dialectoloxía clásica. Moitas das preguntas dos cadernos de léxico do ALPI e do ALGa están relacionadas con oficios e ocupacións propias da vida rural máis tradicional. Os cambios socioeconómicos ocorridos en Galicia a partir dos anos sesenta do século pasado afectaron directamente ás realidades ás que facían referencia estas formas léxicas. Polo tanto, o menor coñecemento das realidades nomeadas e mesmo a desaparición dalgún dos elementos designados levaron aparellada unha diminución das formas léxicas correspondentes. As palabras máis estendidas ou próximas ó español acaban por desprazar en moitos casos ás variantes tradicionais. Un exemplo desta tendencia é o da variable léxica *bolboreta*. No ALPI rexístranse 23 formas diferentes para designar este insecto (non todas elas sinónimas), mentres que no ALGa o número redúcese a 10 e na NEnq recóllense só 8 formas distintas.


Outro exemplo desta tendencia á simplificación pode observarse na análise dos datos referidos á pregunta *demo* (mapas 8, 9 e 10). Nestes mapas a gradación da cor utilízase para representar diferenzas cuantitativas, é dicir, o número de formas rexistradas para a mesma cuestión en cada un dos puntos. Nunha ollada rápida pode apreciarse a redución do número de variantes: vai minguido o número de puntos que rexistran máis de dúas variantes e ó mesmo tempo diminúe a cantidade de variantes distintas. Se facemos unha avaliación xeral das formas rexistradas comprobamos que mentres que no ALPI se recadaron 20 designacións diferentes para *demo*, no ALGa figuran 9 e na NEnq unicamente 5. Algunhas das denominacións minoritarias que se rexistraron no ALPI como *dencho* ou *pata-nexo* non figuran nos cadernos de ALGa e NEnq, nos que a forma *demo* aparece en boa parte do territorio como forma única. O mapa permite tamén comprobar como certas áreas do occidente da Coruña e do sur de Pontevedra parecen mostrar unha maior resistencia á perda de variantes.



Mapa 8. *Demo* (ALPI)



Mapa 9. *Demo* (ALGa)



Mapa 10. *Demo* (NEnq)

6. CONCLUSIÓNS

Os traballos de xeografía lingüística están deseñados para conseguir materiais sobre os que sustentar o estudo da variación no espazo e son fontes de grande riqueza para coñecer o estado da lingua nun momento concreto da historia. A existencia de atlas lingüísticos ou de materiais xeolingüísticos recollidos nun mesmo dominio en distintos momentos fai posible a análise da variación tamén na liña temporal. O estudo contrastivo destes datos e a avaliación demorada do sentido dos cambios –no tempo e no espazo– e das variables independentes que determinan a evolución das linguas resultan indispensables para trazar unha historia completa das variedades lingüísticas. Os materiais recollidos nos atlas lingüísticos, tanto os desenvolvidos segundo a metodoloxía tradicional como os realizados conforme a procedementos máis anovadores, son unha ferramenta indispensable para o desenvolvemento de investigacións sobre o cambio e a historia das linguas e dos dominios lingüísticos.

Os tres proxectos de xeolingüística que se empregaron como ilustración neste traballo comprenden un período de case setenta e cinco anos nos que a socieda-

de galega experimentou mudanzas sociais, demográficas, económicas e políticas de moita transcendencia. A información lingüística que se pode extraer destes materiais dá conta dalgunhas das transformacións que sufriu a lingua durante estas décadas. O cambio, como puidemos comprobar nos exemplos manexados, non correu sempre no mesmo sentido. Nuns casos a distribución de variantes móstrase constante e estable, noutros as mudanzas son máis evidentes a partir da distribución das formas sobre o mapa. Aínda que é preciso ter moita cautela á hora de interpretar os datos que nos ofrece a xeolingüística para trazar unha historia dos cambios lingüísticos, resulta evidente que unha análise profunda destes materiais axudará a determinar de xeito máis completo a historia da lingua nas décadas máis recentes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMBROSE, John / Colin H. WILLIAMS (1991): «Language made visible: representation in geolinguistics», en Colin H. Williams (ed.), *Linguistic Minorities, Society and Territory*. Clevedon: Multilingual Matters, 298-314.
- AUER, Peter / Jürgen Erich SCHMIDT (2010): *Language and space: an international handbook of linguistic variation*. Berlin: De Gruyter Mouton. <<http://dx.doi.org/10.1515/9783110220278>>.
- AXELSEN, Jacob B. / Susanna MANRUBIA (2014): «River density and landscape roughness are universal determinants of linguistic diversity», *Proceedings of the Royal Society of London B: Biological Sciences* 281(1784). <<http://dx.doi.org/10.1098/rspb.2014.1179>>.
- BERTONI, Giulio / Matteo BARTOLI (1928): *Breviario di neologuistica*. Módena: Società Tipografica Modenese.
- BOLEO, Manuel de Paiva (1931): *Orientações da filologia românica na Alemanha e o Seminário românico de Hamburgo*. Coimbra: [s.n.].
- BRETON, Roland J. L. (1991): *Geolinguistics: language dynamics and ethnolinguistic geography*. Ottawa: University of Ottawa Press.
- BRITAIN, David (2002): «Space and Spatial Diffusion», en Jack K. Chambers / Peter Trudgill / Natalie A. Schilling-Estes (eds.), *The Handbook of Language Variation and Change*. Oxford: Blackwell Publishing Ltd., 603-637. <<http://dx.doi.org/10.1002/9780470756591.ch24>>.
- BRITAIN, David (2012): «Innovation Diffusion in Sociohistorical Linguistics», en Juan Manuel Hernández-Campoy e Juan Camilo Conde-Silvestre (eds.), *The Handbook of Historical Sociolinguistics*. John Wiley & Sons, Ltd., 451-464. <<http://dx.doi.org/10.1002/9781118257227.ch24>>.
- CHAMBERS, Jack K. / Peter TRUDGILL (1998²): *Dialectology*. Cambridge: Cambridge University Press.
- CREANZA, Nicole / Merrit RUHLEN / Trevor J. PEMBERTON / Noah A. ROSENBERG / Marcus W. FELDMAN / Sohini RAMACHANDRAN (2015): «A comparison of worldwide phonemic and genetic variation in human populations», *Proceedings of the National Academy of Sciences of the United States of America* 112(5), 1265-1272. <<http://dx.doi.org/10.1073/pnas.1424033112>>.
- DAUZAT, Albert (1922): *La Géographie linguistique: 9 cartes*. Paris: Flammarion.

- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- GARCÍA, Constantino / Antón SANTAMARINA (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega - Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- GARCÍA MOUTON, Pilar (2016): ALPI-CSIC [www.alpi.csic.es], edición digital de Tomás Navarro Tomás (dir.), [1930-1954], *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. <http://alpi.cchs.csic.es/gl>.
- KEHREIN, Roland (2012): «Linguistic Atlases: Empirical Evidence for Dialect Change in the History of Languages», en Juan Manuel Hernández-Campoy / Juan Camilo Conde-Silvestre (eds.), *The Handbook of Historical Sociolinguistics*. Oxford: Blackwell Publishing, 480-500. <http://dx.doi.org/10.1002/9781118257227.ch26>.
- LABOV, William (1966): *The social stratification of English in New York City*. Washington: Center for Applied Linguistics.
- LABOV, William (1982): «Building on empirical foundations», en Winfred P. Lehmann / Yakov Malkiel (eds.), *Perspectives on historical linguistics*. Amsterdam; Philadelphia: J. Benjamins, 79-92.
- MEURMAN-SOLIN, Anneli (2012): «Historical Dialectology: Space as a Variable in the Reconstruction of Regional Dialects», en Juan Manuel Hernández-Campoy / Juan Camilo Conde-Silvestre (eds.), *Handbook of Historical Sociolinguistics*. Oxford: Wiley-Blackwell, 465-479. <http://dx.doi.org/10.1002/9781118257227.ch25>
- MÜHLHÄUSLER, Peter (2010): «Mapping linguistic typology», en Alfred Lameli / Roland Kehrein / Stefan Rabanus (eds.), *Language and space. Language mapping*. Berlin / New York: De Gruyter Mouton, 355-374. <http://dx.doi.org/10.1515/9783110219166.1.355>
- NAVARRO TOMÁS, Tomás (1975): *Capítulos de geografía lingüística de la Península Ibérica*. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo.
- NETTLE, Daniel (1999): *Linguistic diversity*. Oxford: Oxford University Press.
- POP, Sever (1950): *La dialectologie: aperçu historique et méthodes d'enquêtes linguistiques*, vol. I: *Dialectologie romane*, vol. II: *Dialectologie non romane*. Louvain: Chez l'auteur.
- PRESTON, Dennis R. (1989): *Perceptual dialectology: nonlinguists' views of areal linguistics*. Dordrecht: Foris.
- ROBERTS, Seán / James WINTERS (2013): «Linguistic Diversity and Traffic Accidents: Lessons from Statistical Studies of Cultural Traits», *PLoS ONE* 8 (8). <http://dx.doi.org/10.1371/journal.pone.0070902>.
- RODRÍGUEZ LORENZO, David (2012): «The diatopic development of aspects of twentieth-century Galician. A contrastive analysis of linguistic geography data», *Dialectologia*, III, 145-156.
- SCHRAMBKE, Renate (2010): *Traditional dialect geography*. Berlin / Boston: De Gruyter Mouton. <http://dx.doi.org/10.1515/9783110220278.87>.
- SOUSA, Xulio (2008): «Notas sobre o Atlas lingüístico de la Península Ibérica en Galicia», en Mercedes Brea López / Francisco Fernández Rei / Xosé Luís Regueira Fernández (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía: homenaxe a Antón Santamarina*. Universidade de Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 299-308.
- SOUSA, Xulio (2010): «Xeolingüística e cambio lingüístico: gheada e seseo no ALPI e no ALGa», en Maria Iliescu / Heidi Siller-Runggaldier / Paul Danler (eds.), *Actes du xxvè Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes. Vol. VI*. Tübingen: Niemeyer, 257-267. <http://dx.doi.org/10.1515/9783110231922.4-257>
- SOUSA, Xulio (2012): «Dialect change and variation: the Atlas Lingüístico de la Península Ibérica», *Dialectologia*, (3), 189-207.

- SOUSA, Xulio (2016): «A xeolingüística e o estudo da historia das linguas», en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.), *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- STEPP, John / Sarah CERVONE / HECTOR CASTANEDA / Ava LASSETER / Gabriela STOCKS / Yael GICHON (2004): «Development of a GIS for global biocultural diversity», *Policy Matters*, 13, 267-270.
- SWIGGERS, Pierre (2010): «Mapping the Romance languages of Europe», en Alfred Lameli, Roland Kehrein / Stefan Rabanus (eds.), *Language and Space. An International Handbook of Linguistic Variation. vol 2*. Berlin / Boston: De Gruyter Mouton, 269-300. <<http://dx.doi.org/10.1515/9783110219166.1.269>>.
- TILLERY, Jan / Guy BAILEY (2003): «Approaches to Real Time in Dialectology and Sociolinguistics», *World Englishes*, 22(4), 351-365. <<http://dx.doi.org/10.1111/j.1467-971X.2003.00305>>.
- TOBLER, Waldo R. (1970): «A Computer Movie Simulating Urban Growth in the Detroit Region», *Economic Geography*, 46, 234-240. <<http://dx.doi.org/10.2307/143141>>.
- TRUDGILL, Peter (1974): «Linguistic change and diffusion: description and explanation in sociolinguistic dialect geography», *Language in Society*, 3(02), 215-246. <<http://dx.doi.org/10.1017/S0047404500004358>>.
- TRUDGILL, Peter (1982): «The contribution of sociolinguistics to dialectology», *Language Sciences*, 4(2), 237-250. <[http://dx.doi.org/10.1016/S0388-0001\(82\)80007-7](http://dx.doi.org/10.1016/S0388-0001(82)80007-7)>.
- VALCÁRCEL RIVEIRO, Carlos (2000): «Da dialectoloxía á xeolingüística: a evolución do concepto de espacio lingüístico», en Annick Englebort / Michel Pierrard / Laurent Rosier / Dan van Raemdonck (eds.), *Actes du XXIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. III Vivacité et diversité de la variation linguistique*. Berlin / Boston: De Gruyter Mouton, 389-398. <<http://dx.doi.org/10.1515/9783110933109.389>>.
- VAN DER MERWE, Izak J. (1993): «The Urban Geolinguistics of Cape Town», *GeoJournal*, 31(4), 409-417.
- VILLENA PONSODA, Juan Andrés (2012): «La investigación sociolingüística de la comunidad de habla: el origen inconformista de la dialectología social», *Revista de Filología de la Universidad de La Laguna* (30), 155-176.
- WILLIAMS, Colin H. (1996): *Geography and contact linguistics*. Berlin / Boston: De Gruyter Mouton. <<http://dx.doi.org/10.1515/9783110132649.1.2.63>>.

